



# R, patrocinador oficial do Xacobeo 2021

- **O Conselleiro de Cultura e Turismo da Xunta e o Director Corporativo Empresas de R e do Grupo Euskaltel asinaron esta mañá o convenio de patrocinio na sede do operador galego**
- **R patrocinará oficialmente todo tipo de actividades do “Ano Santo Xacobeo 2021”, dende agora e ata setembro de 2022**
- **O operador galego comprométese a divulgar e a apoiar a celebración deste acontecemento considerado “de excepcional interese público”**

**Luns, 22 de xuño de 2020.-** R é dende este momento patrocinador oficial do “Ano Santo Xacobeo 2021”, en virtude do convenio asinado nas oficinas da empresa de telecomunicacións esta mañá polo Conselleiro de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, Román Rodríguez, e o Director Corporativo Empresas de R e do Grupo Euskaltel, Isidro Fernández de la Calle.

Trátase dun dos primeiros patrocinios que a administración autonómica asina tras o período de crise sanitaria da COVID-19, vivido no últimos tres meses, e facelo agora é un indicio máis da continuación progresiva, aínda que polo momento con limitacións, da normalidade tamén no ámbito cultural e social.

O acordo establece que o operador galego patrocinará, dende agora e até setembro de 2022, diversas actividades incluídas na programación deste evento de proxección internacional, tanto para Galicia como para o conxunto de España.

Neste sentido, Román Rodríguez destacou *“a importancia de potenciar a colaboración público-privada á hora de impulsar un evento desta magnitude, que debe exercer como un dos piares da reactivación de toda a economía galega, especialmente tras o impacto ocasionado a causa da crise da covid-19”*.

Pola súa banda, Isidro Fernández de la Calle subliñou que *“con este patrocinio, en R ratificamos o noso compromiso permanente con Galicia e coa administración autonómica para desenvolver accións que poñan en valor o acervo cultural e social de nosa terra. Nesta ocasión, o Camiño de Santiago, primeira e principal ruta*

*espiritual e cultural de Occidente e Patrimonio da Humanidade. Grazas á sociedade galega e á confianza de nosas clientas e clientes podemos achegar valor a Galicia colaborando agora no desenvolvemento e divulgación das actividades do Xacobeo 2021 a través da Xunta”.*

## **Presenza de marca e información práctica**

O convenio de patrocinio de **R** para o Xacobeo 2021 supón, entre outras cuestións, o uso de espazos do operador galego para facilitar ao público información útil en relación co Ano Santo compostelán.

Dentro das campañas publicitarias de **R** comunicaranse accións relacionadas co Camiño de Santiago e o Xacobeo, nas que se fará constar a condición de **R** como patrocinador deste gran evento considerado “acontecemento de excepcional interese público”.

Ademais, **R** reforzará, tamén na súa publicidade, a presenza do evento xubilar compostelán en soportes como prensa e revistas, boletíns para os seus clientes e publicidade exterior. En todos estes casos, **R** poderá facer uso dos logotipos, emblemas e marcas do Xacobeo 2021.

En paralelo e reciprocamente, o logo de **R** estará presente, como patrocinador oficial, en todas as accións e eventos do Xacobeo.

Esta gran celebración, que ten lugar cando o día do Santiago Apóstolo (25 de xullo) coincide en domingo, destaca en Galicia polo seu enorme poder de convocatoria, e nesta ocasión celebrárase por primeira vez nunha década.

**comunicación R**  
[prensa@mundo-r.net](mailto:prensa@mundo-r.net)  
[R.gal](http://R.gal)